

Curso “Nadal Creativo: Programa as túas propias postais (Scratch)”

Datas: 29 e 30 de decembro — Horario: 10:00 – 12:00

Público: Nenos/as de 8 a 13 anos

Prerequisitos

Ningún. O curso ensinará **Scratch desde cero**.

Obxectivos

Os participantes aprenderán a crear **postais de Nadal animadas** empregando **Scratch**, unha ferramenta de programación visual adaptada para nenos/as.

Durante o curso, combinarán **creatividade, imaxinación e pensamento lóxico** mentres deseñan animacións e mensaxes personalizadas que poderán compartir con familiares e amigos.

É unha actividade **lúdica** que introducirá aos alumnos/as ás nocións básicas de programación dun xeito divertido e interactivo.

Se Scratch non está instalado, **non hai problema**, xa que se pode utilizar como aplicación web, só necesitándose conexión a Internet.

É recomendable que os pais creen unha conta de Gmail para que os nenos/as poidan acceder a Scratch con certas funcionalidades, como **compartir os seus traballos**, pero se non é posible, tamén poden participar sen dificultade.

Día 29

1. Introducción a Scratch

- Abrir Scratch na web ou aplicación.
- Ensinar a mover un **sprite** de forma sinxela.
- Pequenos xogos guiados: cambiar cores, formas, tamaños e rotacións.
- Explicar a interface: escenario, **sprites** (personaxes), bloques de programación e paneis de control.

2. Borrador da postal

- Crear un pequeno borrador da postal cos elementos que van a necesitar (imaxes, sons...).
- Gardar todo e deixalo preparado para o día seguinte.

Día 30

3. Engadir mensaxes e animacións de texto

- Inserir mensaxes de Nadal utilizando bloques de texto.
- Animar as mensaxes: aparición/desaparición, movementos, cambios de cor.
- Combinar movementos e animacións coas do fondo e os personaxes.

4. Engadir efectos de son ou música

- Introducir sons ou música simple dentro de Scratch.
- Axustar o volume e sincronizar con movementos e animacións.

5. Rematar a postal animada

- Revisar o proxecto completo: animacións, textos, cores e sons.
- Axudar individualmente aos alumnos/as a mellorar os detalles finais.